



Expediente núm.: 4/2026

Procedemento: Reforzo do emprego 2024

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA /2026**

Visto o expediente arriba indicado, sobre proceso selectivo destinado á contratación de catro peóns de servizos múltiples que serán adscritos ao Plan Reforzo do emprego 2025 do denominado Plan Deputación para cooperación cos Concellos da provincia, que a Excm. Deputación Provincial de Lugo implementou para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, ou para a implantación de novos servizos ou actividades de conformidade coa normativa aplicable;

Toda vez que o prazo de presentación de solicitudes rematou o pasado 13 de marzo de 2026, e que, en virtude do disposto no art. 6 das bases reguladoras deste proceso de selección, *a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de cinco días hábiles, aprobando a lista de persoas admitidas e excluídas — coa mención expresa dos motivos de exclusión —*;

Visto o informe subscrito por D. Gervasio López Rodríguez, Técnico municipal, responsable da Área do territorio deste Concello e responsable administrativo deste proceso de selección, sobre candidatos admitidos e excluídos;

en uso das facultades que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar, en relación ao proceso de selección antes referido, o seguinte listado de candidatos admitidos e excluídos, o cal, ao non terse producido exclusión algunha, adquire carácter definitivo.

DNI	Instancia	Anexo II	Celga	Tasas	SITUACIÓN
***5771**	√	√	√	√	Admitido
***1914**	√	√	NO	√	Admitido
***2725**	√	√	NO	√	Admitido
***2214**	√	√	√	√	Admitido
***2979**	√	√	NO	√	Admitido
***0364**	√	√	√	√	Admitido
***2036**	√	√	NO	√	Admitido
***0454**	√	√	NO	√	Admitido

De acordo co disposto nas bases reguladoras deste proceso de selección, os candidatos que non acreditaron estar en posesión do Celga 2 ou titulación equivalente deberán realizar a proba de tradución a que se alude no artigo 4.e. daquelas

**Segundo.-** Establecer a data de celebración das probas selectivas segundo o que se reflicte no que segue:

Data: martes 24 de abril de 2026, ás 10:00 h





Lugar de celebración: Local social e Nave-almacén do Concello de Negueira de Muñiz (Estrada Negueira-Pieiga)

**Terceiro.-** Nomear como compoñentes do Tribunal cualificador a:

- Presidente: D. Gervasio López Rodríguez, Técnico do Concello de Negueira de Muñiz
- Secretaria: D<sup>a</sup>. Ana María Méndez Enríquez, Técnico de emprego do Concello de A Fonsagrada.
- 1º Vocal: D. Armando Álvarez Rodríguez, Encargado de obras do Concello de Negueira de Muñiz
- 2º Vocal: D. Luis López Arias, Encargado de obras do Concello de Castroverde.
- 3º Vocal: D. Darío Boudón Ferreiro, Operario de servizos do Concello de Castroverde.

**SUPLENTE:**

- Presidente: D. Jorge Martínez Morato, Traballador social do Concello de Negueira de Muñiz.
- Secretario: D. Óscar de la Parte Chana, Secretario-interventor do Concello de Negueira de Muñiz.
- 1º Vocal: D<sup>a</sup>. Jovita Graña Fernández, Administrativa do Concello de Negueira de Muñiz.
- 2º Vocal: D<sup>a</sup>. Mari Carmen Díaz Fernández, Traballadora do Concello de Castroverde.
- 3º Vocal: D. Manuel Fernández Fernández, Traballador do Concello de Castroverde.

**Cuarto.-** Que, en aplicación do artigo 6 das bases reguladoras deste proceso selectivo, o anterior se publique no taboleiro de anuncios da Casa consistorial e na web municipal ([www.concellodenegueira.es](http://www.concellodenegueira.es)).

O manda e asina en Negueira o Sr. Alcalde-presidente, D José Manuel Braña Pereda, na data da sinatura electrónica reflectida ao marxe, do que eu, D. Óscar de la Parte Chana, Secretario-interventor, tomo razón aos exclusivos efectos da función de fe pública comprensiva da transcripción ao libro de Resolucións e en cumprimento do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, coa finalidade de garantir a súa integridade e autenticidade.

O Alcalde-presidente  
José Manuel Braña Pereda

O Secretario-interventor  
Óscar de la Parte Chana

